
Actividade para o profesorado

Seis anos, nada máis e nada menos que seis anos. Ese é o tempo que pasou dende que se celebrou o II Día GeoGebra de Galicia en marzo do 2017 n'A Coruña ata que Moaña aloxou o III Día GeoGebra de Galicia o pasado sábado 20 de maio do 2023.

O lugar escollido para a ocasión foi o IES As Barxas, unha decisión que finalmente se revelou acertada porque resultou ser un lugar acolledor no cal a xornada se desenvolveu con total normalidade e moita comodidade.

Foi no mes de febreiro cando o Instituto GeoGebra de Galicia (IGG) e a Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA) anunciaron que o 2023 era o momento idóneo para retomar esta actividade. Abriuse nese momento o prazo para inscribirse e para ofrecerse a impartir algunha comunicación ou obradoiro.

A resposta por parte do profesorado galego foi excelente: dende un primeiro momento no que xa chegaron as primeiras solicitudes ata o último día do prazo, acabaron sendo unhas 75 as persoas inscritas. Todo un éxito que colmou as expectativas da organización, dado que foron bastantes as que mostraron o seu desexo de participar incluso antes de coñecer o programa que se ía desenvolver.

A xornada comezou cunha breve presentación (figura 1) na que interviñeron Aldán Santamarina Corral -concelleiro en Moaña e profesor de matemáticas-, Julio Rodríguez Taboada -presidente tanto de AGAPEMA coma da FESPM- e Débora Pereiro Carbajo -presidenta do Instituto GeoGebra de Galicia-. Os tres coincidiron en remarcar a importancia de podermos celebrar este tipo de eventos de forma presencial, e canto contribúen ao desenvolvemento profesional do profesorado.



Figura 1: Presentación do III Día GeoGebra de Galicia.

Tras a inauguración, o programa estivo dividido en dous bloques; pola mañá tiveron lugar as comunicacións. A conferencia plenaria correu a cargo de Javier Cayetano Rodríguez (Instituto GeoGebra de Extremadura, á esquerda na figura 2) baixo o título “Mirada matemática a través de GeoGebra”. Javier é moi prolífico na creación de recursos, que adoita compartir na rede para ser empregados por calquera que o desexe, e esa característica asomou sobradamente durante a súa charla, na cal ensinou gran cantidade de *applets* e actividades, algunhas delas centradas en lugares da contorna coma a caracola de Donón ou a igrexa de San Martiño de Moaña.



Figura 2: Á esquerda, Javier Cayetano. Á dereita, Guillem Bonet.

A continuación foi a quenda de Guillem Bonet (Asociación Catalana de GeoGebra, á dereita na figura 2) con “GeoGebra, herramienta indispensable para el aula”, onde explicou algunhas actividades que ten levado a cabo co seu alumnado, como por exemplo a clasificación dos cuadriláteros. Por último, a mañá pechouse coa intervención de Débora Pereiro Carbajo (Instituto GeoGebra de Galicia), quen baixo o título de “GeoGebra camaleónica. Adaptándonos ás situacións de aprendizaxe” achegou tamén actividades de aula coas que estudar trigonometría empregando ángulos e distancias medidas nas costas do Morrazo ou semellanza de triángulos coa estatua d’O Fígón de Moaña, por citar dous exemplos.

Para a hora de xantar planeouse unha comida de confraternización no restaurante Matices, de Carla Álvarez, moi próximo ao IES As Barxas onde transcorreron o resto das actividades do día. Xuntose alí unha ampla maioría de asistentes, arredor de 60 comensais; neste tipo de xornadas o xantar e os descansos supoñen unha parte fundamental do acontecemento, calquera que teña asistido a algún congreso sabe ben da súa importancia. Son eses os momentos nos que se dan reencontros, se coñecen novos colegas e se produce un intenso intercambio de ideas, de opinións e de experiencias. Imprescindibles.

Xa pola tarde puxéronse en marcha os portátiles para acudir aos obradoiros. A gran cantidade de solicitudes recibidas motivou ter que establecer cortes para que o número de asistentes a cada un non fose excesivo, e por desgraza non todo o mundo estivo asignado ao da súa preferencia, aínda que por outro lado poucos foron os que se viron nesa situación e incluso se viu a algún que outro buscando un oco co obradoiro xa comezado para ocupar o espazo deixado por algunha baixa de última hora.

Os obradoiros celebráronse de forma simultánea en dúas franxas. Na primeira Javier Cayetano Rodríguez repetiu actuación con “Creación de problemas autoevaluables”, no que explicou como facer as súas coñecidas actividades (que son moi usadas ao longo e ancho de todo o país), Paulo González Ogando foi máis aló das habituais álgebra e xeometría con “Podemos achegarnos á estatística con GeoGebra?” e Julio Rodríguez Taboada e Pilar García Agra amosaron como traballar a relación existente entre “Matemáticas e arte”.

Tras o pertinente descanso vespertino, na segunda franxa José Benito Búa Ares presentou unha moi interesante “Modelización matemática de obxectos en movemento con Tracker e GeoGebra”, César Docanto Vázquez falou de “Translacións e secuencias: Teselando o plano con GeoGebra” e Xabier Lorenzo Abalde, orientando máis cara a materia de Debuxo que cara a de Matemáticas, presentou “Estereoscopías interactivas”.



Figura 3: Asistentes ao III Día GeoGebra de Galicia.

Eses talleres estendéronse hora e media e foron moi intensos, con todas as persoas asistentes (figura 3, esquerda) procurando absorber a maior cantidade posible de información coa firme intención de descubrir como empregar todo o aprendido nas súas propias aulas.

Ao acabar a xornada a sensación xeral foi que isto se ten que repetir: con ganas de máis, xa pensando na próxima edición do Día GeoGebra de Galicia pero agardando que non se teña que esperar outros seis anos. E como non podía ser doutro xeito, a foto de grupo era obrigada (figura 3, dereita) antes da despedida ata a próxima ocasión.

Instituto GeoGebra de Galicia

<geogebra@agapema.org>